

consumo das comunidades autónomas poderán iniciar o procedemento sancionador ou promover o exercicio das accións xudiciais que procedan, de conformidade co previsto na Lei 26/1984, do 19 de xullo, xeral para a defensa dos consumidores e usuarios, no Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria, na Lei 34/1988, do 11 de novembro, xeral de publicidade, ou nas respectivas leis autonómicas.

Disposición transitoria única. *Adaptación dos códigos vixentes.*

Durante os 12 meses seguintes á entrada en vigor deste real decreto, as entidades promotoras de códigos vixentes na dita data poderán solicitar do Instituto Nacional do Consumo a concesión do «distintivo público de confianza en liña», acreditando, se é o caso, que se comunicou o proxecto modificado á Comisión Europea.

En tales supostos, non será exixible a notificación previa ao Consello de Consumidores e Usuarios prevista no artigo 6.a), e abondará con que se requira a colaboración do dito órgano, a través do procedemento que en cada caso se acorde, para a realización das adaptacións precisas para cumprir os requisitos exixidos neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título e habilitación competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.1.^a, 6.^a, 8.^a e 21.^a da Constitución e en execución do disposto na disposición derradeira oitava da Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico

Disposición derradeira segunda. *Facultade de aplicación.*

Facúltase o presidente do Instituto Nacional do Consumo para adoptar as resolucións precisas para a aplicación do disposto neste real decreto, en particular aquelas que posibiliten a xestión íntegra dos procedementos previstos nel mediante a utilización de técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas, de conformidade co previsto no Real decreto 263/1996, do 16 de febreiro, polo que se regula a utilización de técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas pola Administración xeral do Estado, na redacción dada polo Real decreto 209/2003, do 21 de febreiro, polo que se regulan os rexistros e as notificacións telemáticas, así como a utilización de medios telemáticos para a substitución da contribución de certificados polos cidadáns, e disposicións concordantes e complementarias.

As resolucións do presidente do Instituto Nacional do Consumo a que se refire o parágrafo precedente publicaranse no «Boletín Oficial del Estado».

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*


Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 20 de febreiro de 2004.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno
e ministro da Presidencia,
JAVIER ARENAS BOCANEGRA

ANEXO



Denominación: distintivo público de confianza en liña.

Construción gráfica: unha figura vertical constituída por catro rectángulos iguais de 45 mm de base por 20,25 mm de altura. As medidas totais exteriores incluídos os catro elementos son 45 mm de base por 81 mm de altura. O segundo recadro contén unha imaxe mixta representativa da expresión abreviada da arroba e o logotipo de Arbitraje de Consumo.

Os rectángulos superior e inferior conteñen os seguintes textos: o superior «CONFIANZA EN LIÑA» e o inferior «PRESTADOR ADHERIDO», ambos en maiúsculas. A expresión «PRESTADOR ADHERIDO» substituirase por «CÓDIGO DE CONDUCTA» cando o logotipo sexa utilizado pola entidade promotora do código. O terceiro recadro é un espazo en branco para situar distintos logotipos.

Tipografía: helvética, na súa versión normal cun corpo de letra 22, interliñado sólido e escala horizontal 100.

Cores: laranxa e negra. A primeira composta por: maxenta 42%, amarelo 76% e a segunda, negro base. O logotipo arriba descrito figura calado en branco sobre o fondo laranxa.

Todas as liñas que forman o conxunto son en cor negra de 0,5 puntos.

3633 REAL DECRETO 294/2004, do 20 de febreiro, polo que se modifica o Real decreto 1561/1995, do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo, no relativo ao tempo de traballo na aviación civil. («BOE» 50, do 27-2-2004.)

Facendo uso das posibilidades que o Tratado da Comunidade Europea lle reconece ao diálogo social, os interlocutores sociais europeos do sector do transporte aéreo, a Association of European Airlines (AEA), a European Transport Workers' Federation (ETF), a European Cockpit Association (ECA), a European Regions Airline Association (ERA) e a International Air Carrier Association (IACA), asinaron o 22 de marzo de 2000 un Acordo europeo sobre a ordenación do tempo de traballo do persoal de voo na aviación civil. Meses despois, o Consello da Unión Europea adoptou a Directiva 2000/79/CE, do 27 de novembro de 2000, que ten por obxecto dar aplicación ao citado acordo.

A directiva e o acordo que se inclúe como anexo desta dirixense a mellorar a seguridade e a saúde do persoal de voo na aviación civil, sector que comprende non só a actividade de transporte aéreo, senón tamén aqueloutros

traballos aéreos que requiren para a súa execución a utilización dunha aeronave.

Xunto a iso, a Directiva 2000/34/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño de 2000, pola que se modifica a Directiva 93/104/CE do Consello, relativa a determinados aspectos da ordenación do tempo de traballo, procedeu a incluír no ámbito de aplicación da dita directiva a determinados sectores e actividades anteriormente excluídos dela, entre eles, o transporte aéreo. Non obstante, a dita inclusión resulta efectiva tan só para o persoal de terra relacionado co tráfico aéreo, toda vez que ao persoal de voo lle son de aplicación as disposicións máis específicas contidas na Directiva 2000/79/CE.

Isto supón que a regulación do tempo de traballo dos traballadores da aviación civil, no ámbito comunitario, se contén en normas distintas en función do colectivo de que se trate: o persoal de terra queda incluído na Directiva 2000/34/CE e o persoal de voo na Directiva 2000/79/CE.

No noso dereito o tempo de traballo no transporte aéreo está regulado no texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, e no Real decreto 1561/1995, do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo, norma en que se admite, debido ás peculiaridades do traballo neste sector, unha ordenación máis flexible da xornada de traballo e dos descansos que a prevista con carácter xeral para o resto dos sectores, sen menoscabo, en ningún caso, da necesaria protección da saúde e a seguridade destes traballadores.

O Real decreto 1561/1995, do 21 de setembro, ocúpase de maneira conxunta, na subsección 4.^a da sección 4.^a do capítulo II, concretamente no artigo 14, do tempo de traballo e descanso tanto do persoal de voo como do de terra relacionado co tráfico aéreo. Esta subsección resulta aplicable á actividade de transporte aéreo e tan só a outros traballos aéreos cando desenvolvan efectivamente actividades de transporte aéreo.

A vixente regulación do tempo de traballo do persoal de terra contida no Estatuto dos traballadores e no Real decreto 1561/1995, do 21 de setembro, satisfai o establecido na Directiva 2000/34/CE. Polo contrario, a nova regulación comunitaria relativa ao persoal de voo incluída na Directiva 2000/79/CE obriga a introducir modificacións na lexislación laboral española para unha correcta homologación con aquela.

A unidade de tratamento que o Real decreto 1561/1995, do 21 de setembro, lle outorgou de maneira tradicional ao persoal de voo e ao de terra do transporte aéreo consérvase tan só de maneira parcial na modificación incorporada por este real decreto, pois mentres ambos os colectivos continúan integrados na mesma subsección, xa non o están, en cambio, no mesmo artigo, optándose por dedicar un específico para cada colectivo de traballadores, e que, no que ao persoal de voo se refire, incorpora as previsións contidas na Directiva 2000/79/CE, cuxa transposición ao dereito interno se leva a efecto con este real decreto.

Conséguese, desta maneira, a incorporación fiel da citada directiva ao ordenamento xurídico español, introducindo no Real decreto 1561/1995, do 21 de setembro, as modificacións necesarias, sen afectar a súa coherencia interna e respectando definicións arraigadas na normativa en vigor en materia de seguridade aérea.

Este real decreto consta dun artigo único, unha disposición adicional única, unha disposición derogatoria única e unha disposición derradeira única.

Mediante o artigo único modifícase expresamente o Real decreto 1561/1995, do 21 de setembro, en materia de tempo de traballo na aviación civil, dándolle integramente nova redacción á subsección 4.^a da sección 4.^a do seu capítulo II. As modificacións que se incorporan afectan tanto o título como a estrutura e o contido da subsección 4.^a Así, por unha parte, a dita subsección pasa a se

denominar «Transporte e traballos aéreos» para englobar todas as actividades relacionadas coa aviación civil e non só as de transporte, como ocorría até agora. En canto á súa estrutura, componse agora de dous artigos, e o contido tamén sofre modificacións, aínda que só referidas ao persoal de voo e concrépanse, basicamente, na limitación anual do tempo de traballo e do tempo de voo, os días libres para gozar anualmente como descanso semanal e festas laborais, así como certos aspectos sobre organización e programación das operacións de voo. Tamén se incorporou a definición daqueles conceptos necesarios para limitar adecuadamente os tempos máximos de traballo e de voo.

Xunto a iso, o artigo único engade unha nova disposición adicional ao Real decreto 1561/1995, do 21 de setembro, a sexta, na que se contén un principio de coordinación e colaboración nas actuacións da Inspección de Traballo e Seguridade Social e da Dirección Xeral de Aviación Civil, cada unha dentro do ámbito das súas competencias, en relación cos posibles incumprimentos do tempo de traballo e descanso do persoal aeronáutico.

Complétase este real decreto cunha disposición adicional única que mantén a vixencia de normas preexistentes en materia de seguridade aérea cando non se opoñan ao disposto neste real decreto, unha disposición derogatoria única que declara derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto e, finalmente, unha disposición derradeira única, que reconece facultades de aplicación e desenvolvemento da norma aos ministros copropoñentes.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as organizacións sindicais e empresariais máis representativas.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Traballo e Asuntos Sociais e de Fomento, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 20 de febreiro de 2004,

DISP O Ñ O :

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1561/1995, de 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo.*

O Real decreto 1561/1995, do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo, modifícase nos seguintes termos:

Un. A subsección 4.^a da sección 4.^a do capítulo II queda redactada nos seguintes termos:

«Subsección 4.^a Transporte e traballos aéreos

Artigo 14. Tempo de traballo e descanso do persoal de voo.

1. As disposicións comúns contidas nos artigos 8 e 9 deste real decreto serán de aplicación ao persoal de voo na aviación civil conforme o disposto neste artigo e na forma que determinen os convenios colectivos e a normativa en vigor en materia de seguridade aérea.

2. Para os efectos do disposto neste artigo, entenderase por:

a) Persoal de voo: todos os membros da tripulación dunha aeronave civil.

b) Tempo de traballo: todo período durante o cal o persoal de voo permanece no traballo, á disposición do empresario e en exercicio da súa actividade ou das súas funcións.

c) Tempo de voo: o tempo total transcorrido desde que unha aeronave comeza a moverse desde o lugar onde estaba estacionada co propósito de des-

pegar até que se detén ao finalizar o voo no lugar de estacionamento e para todos os motores.

3. O tempo máximo de traballo anual do persoal de voo será de 2.000 horas, das cales o tempo de voo non poderá exceder de 900 horas.

Incluiranse nese tempo máximo aqueles supostos que, de conformidade co artigo 8, sexan conceptuais como tempo de presenza e que se determinen nos convenios colectivos.

En defecto de convenio colectivo, só se incluírán aqueles supostos en que o persoal de voo estea á inmediata disposición do empresario, sen realizar función ningunha e en lugar sinalado por este, á espera da asignación de calquera actividade.

O establecido nos parágrafos anteriores enténdese sen prexuízo do disposto no artigo 8.

4. O persoal de voo a que se refire este artigo gozará dun mínimo de 96 días libres ao ano, como descanso semanal e festas laborais, dos cales polo menos sete terán que se gozar cada mes. Durante eses días libres, que lle serán notificados por anticipado, o persoal de voo non poderá ser requirido para ningún servizo ou actividade.

Os ditos días libres non computarán para efectos do previsto no artigo 38 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

5. Mediante convenio colectivo ou, no seu defecto, por acordo entre a empresa e os representantes dos traballadores, o tempo máximo de traballo anual deberá repartirse ao longo do ano da forma máis uniforme posible.

6. Sempre que así o soliciten, as autoridades aeronáuticas e os órganos competentes en materia de aviación civil serán informados das actividades programadas do persoal de voo.

7. O persoal de voo gozará dunha avaliación gratuíta da súa saúde con carácter previo á súa incorporación ao traballo e, posteriormente, a intervalos regulares, nos termos do artigo 22 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, e do artigo 37.3 do Regulamento dos servizos de prevención, aprobado polo Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro.

Se é o caso, o disposto no parágrafo anterior entenderase cumprido coa realización dos recoñecementos médicos periódicos exixidos ao persoal de voo das aeronaves civís para a obtención e mantemento da validez das súas licenzas, habilitacións, autorizacións ou certificados, de conformidade co establecido nas normas de aviación civil reguladoras de tales recoñecementos.

Artigo 14 bis. Tempo de traballo e descanso do persoal aeronáutico de terra.

As disposicións comúns contidas nos artigos 8 e 9 deste real decreto serán de aplicación ao persoal aeronáutico de terra na forma en que determinen os convenios colectivos e a normativa en vigor.

Desta forma determinarase a actividade laboral do persoal aeronáutico de terra e o réxime de descansos, con respecto en todo caso ao disposto na normativa en vigor en materia de seguridade aérea.»

Dous. Introdúcese unha nova disposición adicional sexta, coa seguinte redacción:

«**Disposición adicional sexta.** *Incumprimento do tempo de traballo e descanso do persoal aeronáutico.*

Cando a Inspección de traballo e Seguridade Social no exercicio das súas funcións detecte que se produciron incumprimentos das disposicións relativas ás horas de traballo ou descanso do persoal aeronáutico que puidesen afectar directamente a

seguridade das operacións de voo ou da navegación aérea, porao en coñecemento da Dirección Xeral de Aviación Civil para os efectos oportunos.»

Disposición adicional única. *Subsistencia de normas preexistentes en materia de seguridade aérea.*

A Circular operativa 16-B sobre limitacións de tempo de voo, máximos de actividade aérea e períodos mínimos de descanso para as tripulacións, aprobada pola Resolución da Dirección Xeral de Aviación Civil, do 28 de xullo de 1995, e o seu anexo 1, aprobado pola Resolución da Dirección Xeral de Aviación Civil, do 28 de maio de 2001, continuarán sendo aplicables no que non se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira única. *Facultades de aplicación e desenvolvemento.*

Facúltanse os ministros de Traballo e Asuntos Sociais e de Fomento, no ámbito das súas respectivas competencias, para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste real decreto.

Dado en Madrid o 20 de febreiro de 2004.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno
e ministro da Presidencia,
JAVIER ARENAS BOCANEGRA

3636 *ORDE PRE/473/2004, do 25 de febreiro, pola que se modifica o anexo I do Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro, polo que se imponen limitacións á comercialización e ao uso de certas substancias e preparados perigosos (éter de pentabromodifenilo, éter de octabromodifenilo).* («BOE» 50, do 27-2-2004.)

O Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro, estableceu unha serie de limitacións á comercialización e ao uso de determinadas substancias e preparados perigosos e foi ditado de acordo coa normativa da Unión Europea que regula esta materia. Esta constitúena a Directiva 76/769/CEE do Consello, do 27 de xullo, «relativa á aproximación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros que limitan a comercialización e o uso de determinadas substancias e preparados perigosos» e as súas posteriores modificacións e adaptacións ao progreso técnico.

O citado real decreto experimentou numerosas modificacións no seu anexo I, como consecuencia da evolución da normativa comunitaria na materia e da necesidade de aumentar os niveis de protección da saúde humana e do ambiente.

O anexo I parte 1 do dito real decreto inclúe os distintos puntos que se refiren a determinadas substancias ou preparados perigosos, indicándose as limitacións que as afectan.

A última inclusión de novos puntos foi a dos números 42 e 43, que se aprobou pola Orde PRE/730/2003, do 25 de marzo, que incorporou ao noso dereito interno as